

ORDENANZA NON FISCAL Nº 1.

ORDENANZA NON FISCAL DO REGULAMENTO DE PRESTACIÓN DE SERVICIOS.

CAPÍTULO I

DISPOSICIÓN XERAIS

ARTIGO 1º.- OBXECTO

O presente regulamento terá como obxecto a regulación do Servizo de Axuda no Fogar e os requisitos e procedementos necesarios para acceder a el no Municipio da Pobra do Brollón.

ARTIGO 2º.- PRINCIPIOS XERAIS

O Servizo de Axuda no Fogar considérase unha prestación básica e comunitaria, de carácter complementario e transitorio, orientado a restablecer e mante-lo benestar físico, social e psicolóxico da persoa e familia, que presenten problemas para a realización de actividades elementais da vida diaria, proporcionándolles atención directa no propio fogar, mediante intervencións específicas naquelas tarefas cotiás que o usuario non poida realizar por si mesmo e que favorezan a permanencia e integración no seu contorno habitual e compensen as súas restricións de autonomía funcional.

ARTIGO 3º.- BENEFICIARIOS

Poderá beneficiarse do Servizo de Axuda no Fogar toda a poboación, pero serán obxecto prioritario de atención aqueles cidadáns que polas súas eivas físicas ou mentais, socioeconómicas ou familiares teñan limitada a súa autonomía persoal e a súa capacidade de relación social, e que precisen algunha das atencións descritas no artigo anterior, sempre e cando este sexa o recurso axeitado segundo a valoración dos profesionais dos servizos sociais de atención primaria.

Poderán ser potenciais usuarios os seguintes:

- Familias ou persoas que presenten disfuncións que poidan ser susceptibles de mellora cunha adecuada atención a domicilio.
- Personais maiores, con certo nivel de dependencia que non teñan ninguén que os atenda suficientemente e que, con tal axuda poidan continuar vivindo no seu fogar.
- Personais con minusvalidez ou incapacidade ás que a axuda no fogar lles poida favorecer-la súa autonomía.
- Personais afectadas por unha lesión, enfermidade física ou mental ou por outros motivos que lles fagan precisar da axuda.

- Menores ós que haxa que coidar ou atender por ausencia dos pais ou titores, ou cando estes, por circunstancias provisionais de enfermidade ou outros motivos suficientemente xustificadas, non poidan exercer-las súas funcións.
- Colectivos específicos que presenten situacións de risco e exclusión social.
- En xeral, cando exista unha situación de desatención social ou familiar, avaliada tecnicamente, que xustifique a intervención do servicio.

ARTIGO 4º.- OBXECTIVOS DO SERVICIO

O Servicio de Axuda no Fogar ten como obxectivo fundamental procura-la permanencia das persoas no seu medio habitual, mellorando a calidade de vida dos usuarios na súa autonomía persoal, seguridade e relacións persoais e sociais, suplindo neste sentido a falla de familiares que poidan atender-las súas necesidades, ou complementando o labor da familia cando esta non poida atender ditas necesidades de forma axeitada.

O Servicio de Axuda no Fogar debe evitar ou retrasa-lo ingreso en centros residenciais daquelas persoas que non o desexen ou non o necesiten, proporcionándolles unha alternativa máis acorde e normalizada á súa situación. Da mesma maneira previrá situacións de deterioro persoal e/ou familiar, orixinadas pola convivencia durante un tempo prolongado con persoas dependentes e que supoñan unha sobrecarga persoal.

Para isto o Servicio procurará:

- Apoia-los usuarios na realización daquelas tarefas da vida diaria que non poidan realizar por si mesmos, estimulando o desenvolvemento das súas capacidades.
- Preve-lo risco de marxinación , illamento ou abandono das persoas con autonomía limitada, fundamentalmente das que viven soas e sen apoio.
- Colaborar no seguimento dos cuidados sanitarios a domicilio, tendo en conta neste sentido as indicacións formuladas polos centros de saúde.
- Potencia-la implantación de axudas técnicas, (teleasistencia...) e materiais...
- Complementa-las actuacións da familia.

CAPÍTULO II

PRESTACIÓNS E TAREFAS

ARTIGO 5. AXUDAS QUE PROPORCIONA.

As atencións e axudas que proporciona o servicio, son as seguintes:

- A. De carácter doméstico:

- Limpeza da vivenda.
- Feitura de camas.
- Repasos e arranxos de roupa de uso persoal.
- Lavado de roupa.
- Preparación de comida e compras.

- B. De atención persoal:

- Aseo persoal, que inclúe cambio de roupa, lavado de cabelo, baño se é necesario e todo aquilo que requira a hixiene habitual.
- Axuda para erguerse, deitarse, vestirse e alimentarse.
- Axuda para a inxestión e control dos medicamentos prescritos polo servizo de saúde correspondente.
- Apoio na mobilización no domicilio do usuario.

- C. De compañía:

- Acompañamentos na realización de xestións varias, que non poidan realizar por si sos. (entrega de documentos, contactos con familiares, veciños...)

- D. Psicosociais e educativas:

- Intervencións técnicas para previr ou superar situacións de crise ou conflitos na convivencia, así como para adestra-los usuarios e as súas familias no manexo no fogar, reforzando as súas capacidades persoais.

- E. Atencións puntuais:

- As tarefas necesarias para a posta en marcha ou o mantemento do Servizo, como son as limpeza a fondo ou adaptacións mínimas do fogar.

ARTIGO 6º.- EXCLUSIÓN DE TAREFAS

Exclúense expresamente do Servizo de Axuda no Fogar, as seguintes tarefas:

- A) - A atención a outros membros da familia que non fose contemplada expresamente na concesión do servizo e na conseguinte valoración e proposta técnica.
- B) - As tarefas de carácter sanitario que conleven unha formación específica do persoal que o realice: Toma de tensión, colocar e quitar sondas, poñer inxeccións, tratamentos de úlceras e escaras, subministración de medicamentos que impliquen coñecementos específicos, e outros similares.

CAPÍTULO III

PROCEDEMENTO

ARTIGO 7º.- REQUISITOS XERAIS PARA ACCEDER Ó SERVIZO

- Estar empadroado no Concello.
- Solicita-la prestación de axuda no fogar.
- Manifestar un estado de necesidade que faga mester este servizo.

- Reuni-las condicións familiares, sociais, económicas e de validez persoal establecidas no baremo existente.
- Non presentar un estado de deterioro físico ou psíquico tal que necesite máis dun internamento asistido e continuado ca dunha axuda no fogar.
- Residir nunha vivenda que reúna as condicións de habitabilidade mínimas, e que possibiliten a prestación do servizo cunhas garantías básicas.
- Asina-lo contrato de integración que oportunamente poida ser prescrito polo Traballador Social, e en todo caso aquel no que se comprometa a cumprir-las obrigas inherentes ó servizo, incluído o pagamento de cantidades que puideran correponderlles.

ARTIGO 8.- TRAMITACIÓN DAS SOLICITUDES

Os solicitantes poderán dirixirse ós Servizos Sociais do Concello, onde se lles facilitará o modelo de solicitude normalizada, que, xunto coa documentación esixida, se presentará no rexistro xeral municipal, asinado polo/la solicitante do servizo e no seu defecto polo seu representante legal ou titor. Da mesma maneira a Traballadora Social proporcionarlle información personalizada, gratuíta e confidencial relacionada coa demanda do Servizo e as súas condicións, e no caso de necesidade ofrecerase apoio para que tanto a solicitude como a documentación presentadas se realicen de forma apropiada.

A documentación xuntada será a seguinte:

- Fotocopia do D.N.I., ou documento oficial acreditativo de identidade.
- Informe médico sobre o seu estado de saúde ou deficiencia.
- Certificado no seu caso de minusvalía daquelas persoas que a padezan, ben se trate do propio solicitante ou de persoas que convivan con el.
- Xustificante da unidade convivencial, entendendo por unidade convivencial tódolas persoas que convivan nese domicilio.
- Con carácter excepcional e naqueles casos en que o solicitante non presente a documentación acreditativa anteriormente mencionada, aportará declaración xurada ou promesa do interesado na que se faga consta-la carencia absoluta de rendas familiares ou a súa contía.
- Certificado de tódolos ingresos que posúan (pensións. salarios, subsidios...)
- Fotocopia da última declaración da renda, ou no seu defecto certificado de facenda de non estar obrigado a declarar.

Dende Servizos Sociais, o Traballador social, trala visita efectuada ó domicilio de cada solicitante, confeccionará un informe técnico en que se consideren tódalas circunstancias de necesidade ás que se refire o presente regulamento, así como a aplicación dos baremos contidos no devandito regulamento.

Respecto das solicitudes con documentación incompleta formuladas por persoas que cumpran tódolas condicións, os interesados serán requiridos para que no prazo de 10 días subsanen tales deficiencias, con apercibimento de que no caso de non o faceren, o expediente será arquivado sen máis trámite. Só en casos extraordinarios que requiran unha intervención de

urxencia, especificamente valorados como tales no Informe-proposta realizado polo Traballador Social, poderá tramitarse e resolverse unha solicitude na que falle algún dos documentos a emitir polas Administracións Públicas, co compromiso expreso de aporta-lo no prazo máis breve posible.

O informe técnico deberá conter alomenos:

- Valoración da situación persoal, socio-económica e familiar, de acordo cos baremos a tales efectos establecidos.
- No caso de ser favorable á demanda, deberá incluí-las condicións nas que se prestará o servicio.
- Tarifa a aplicar.

O Alcalde, en vista das solicitudes e valoración técnica emitida, resolverá cada unha delas. No caso de resolución positiva, esta terá a consideración de orde de alta no servicio. Se non existira dispoñibilidade pasará a integra-la lista de espera.

A resolución do Alcalde incluírá no caso de ser favorable, indicación expresa do número de horas a prestar, relación de tarefas que se levarán a cabo e tarifa que deberá aboa-lo solicitante. Se se trata dunha resolución desfavorable, deberá indicar expresamente as circunstancias ou incumprimentos que a determinan.

Dita resolución será comunicada ó usuario, segundo o establecido na Lei de Procedemento Administrativo.

ARTIGO 9º.- SOBRE O TRÁMITE DE URXENCIA

Recibe a consideración de "caso urxente" aquel que requira unha resposta inmediata a unha circunstancia excepcional. A súa xustificación estará motivada por:

- Presentarse a necesidade de forma imprevista.
- Situacións de alto risco.
- As situacións que poden xera-la urxencia da prestación do S.A.F:
- Enfermidade gawe. (o beneficiario non ten familiares para atendelo)
- O finamento do cónxuxe ou doutra persoa que se estaba facendo cargo do beneficiario/a
- Outras causas semellantes.

Nestes casos, se procede, prestarase o S.A.F. á vez que se inicie o proceso completo para a súa aprobación polo órgano competente.

O procedemento de urxencia terá validez soamente namentres se manteña a situación desencadeante. A desaparición desta levará consigo a extinción do S.A.F. e se é o caso pasará á lista de espera.

ARTIGO 10º.- SOBRE A REVISIÓN DAS AXUDAS CONCEDIDAS

Nos prazos ou datas que especifique a concesión do servicio, ou sempre que se produzan circunstancias diferentes ás que deron motivo a dita concesión. O Traballador Social procederá a revisa-los casos en que se estea prestando o servicio, e se se valora oportuno poderá varia-las tarefas que se realizen conforme á concesion inicial, ou mesmo aumentar ou reduci-lo número de horas, sempre e cando este aumento ou diminución non supere o 25% das que foran concedidas, e o usuario manifieste expresamente a súa conformidade.

Se a modificación prevista superase este 25% de horas concedidas, ou se non houberse conformidade do usuario, procederase a iniciar expediente de modificación, de oficio ou a iniciativa do interesado, que será resolto polo Organo Competente despois de valora-la documentación e informes oportunos.

ARTIGO 11º.- EXTINCIÓN DO SERVICIO

1.- Constitúen causas de extinción definitiva do servicio, que supoñen a perda da condición de beneficiario del, as seguintes:

- Acada-los obxectivos previstos no comezo do caso, e non precisar por máis tempo o servicio.
- Ingresar nunha residencia ou hospital.
- Traslada-la súa residencia a outro municipio
- Non aporta-las cotas estipuladas
- Falecemento da persoa obxecto de atención.
- Que a situación poida ser asumida pola persoa ou familia.
- Obrigar á auxiliar a facer tarefas que non foron acordadas.
- Falla de colaboración por parte da persoa ou familia atendidas para poder levar a cabo as tarefas propostas.
- A renuncia do beneficiario.
- Ocultación ou falsidade dos datos esixidos para a súa concesión.
- Supera-lo mes de baixa temporal¹
- Calquera outra causa debidamente xustificada

2 .- No caso de que se produza unha extinción do Servicio con carácter definitivo, sera notificada ó beneficiario ou á súa unidade convivencial.

CAPÍTULO IV

PREZO POR PRESTACIÓN DE SERVICIOS

¹ Constitúen causas de baixa temporal do Servicio, que non anulan a perda de condición de beneficiario, o ingreso en Centro Hospitalario, o retraso de máis de 30 días naturais no pagamento que lle corresponde pola prestación do servicio, e a ausencia da vivenda, por un período non superior a un mes, circunstancias que o beneficiario ou a súa familia deberán comunicar o antes posible ó responsable do Servicio.

ARTIGO 12º.- PREZOS

O Prezo do Servicio estará regulado pola "ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVICIO DE AXUDA A DOMICILIO".

ARTIGO 13º.- CÁLCULO DOS INGRESOS ECONÓMICOS

Para fixa-la base dos ingresos de cada unidade convivencial, terase en conta:

- a) No caso de solicitantes con ingresos derivados de salarios, pensións de diversos tipos, ou calquera outra remuneración por conta allea, así como de rendas de capital, inmobles ou outros, fixarase como base de ingresos as cantidades brutas obtidas por ditos conceptos na data de concesión da prestación do servicio, seguíndose o mesmo criterio para o seu cálculo có empregado para o IRPF.
- b) Para solicitantes con ingresos derivados de actividades empresariais ou profesionais, fixarase como base de ingresos a declaración na data de concesión da prestación do servicio, cotexada coa declaración do IRPF do último exercicio presentada.
- c) Obtida a base imponible correspondente dividirase por catorce, para obte-lo ingreso mensual e efectua-las oportunas ponderacións se así procedera.

ARTIGO 14º.- REPERCUSIÓN DO PREZO SOBRE OS USUARIOS DO SERVICIO

Para obte-los importes que repercutirán en cada unha das unidades convivenciais beneficiarias do Servicio, aplicarase unha porcentaxe sobre o prezo/hora fixado en cada exercicio. Dita porcentaxe será determinada en función do prezo público que se fixe na Ordenanza Fiscal

O prezo mensual a aboar polas unidades convivenciais beneficiarias, será determinado no acto de concesión do servicio, e non sufrirá ningunha variación agás se se modificasen as circunstancias que deron orixe a dita concesión, ou se se producisen variacións no número de horas prestadas, de acordo co establecido a tales efectos no artigo 9º do presente Regulamento.

CAPÍTULO V

DEREITOS E DEBERES DOS USUARIOS

ARTIGO 15º.- DEREITOS DOS USUARIOS

Os usuarios do Servicio de Axuda no Fogar teñen dereito a:

- 1.- Ser informados de forma correcta e puntual, respecto de todos aqueles aspectos que lle interesen en relación coa tramitación, concesión e, no seu caso, denegación,

prestación e incidencias do servizo, así como calquera outro aspecto relacionado que poida ser do seu interese.

- 2.- Á correcta e dilixente prestación do servizo, conforme a súa concesión e os contidos do presente regulamento.
- 3.- O respecto á intimidade e á absoluta confidencialidade de cantos aspectos da súa vida persoal, familiar, económica ou social poidan ser coñecidos como consecuencia da tramitación ou prestación do servizo

ARTIGO 16º.- DEBERES DOS USUARIOS

Os usuarios do Servizo de Axuda no Fogar, teñen a obriga de:

- 1.- Dispensar un trato correcto ós traballadores que teñan encomendada a xestión do Servizo, e de maneira especial a quen realice no domicilio as tarefas correspondentes.
- 2.- Poñer a disposición da Auxiliar de Axuda no Fogar, os útiles e materiais necesarios para a realización das tarefas domésticas e persoais asignadas.
- 3.- Comunicar ó Departamento de Servizos Sociais as circunstancias sobrevidas que conleven unha alteración de calquera dos aspectos da prestación do Servizo que se realice.
- 4.- Os usuarios e no seu defecto os familiares ou outros que se fagan cargo, están obrigados ó pagamento da aportación mensual asignada no prazo sinalado por cada servizo prestado e polos servizos asignados e non realizados pola súa causa.

A falta de pagamento sen causa xustificada, cando este retraso sexa superior a 60 días naturais, conlevará a suspensión do Servizo. Os 90 días de retraso no pagamento conlevarán a baixa definitiva no Servizo.

DISPOSICIÓN ADICIONAIS

Primeira.- Queda facultada a Alcaldía para resolver todas aquelas cuestións que, relacionadas co Servizo de Axuda no Fogar, poidan presentarse, e que non estean recollidas expresamente no presente Regulamento, tendo como referencia a Orde do 22 de xullo de 1996 da Consellería de Sanidade e Servizos Sociais.

Segunda.- Anualmente a Comisión de Goberno, por proposta da Alcaldía ou Servizos Sociais, actualizará os prezos públicos do Servizo, que deberán ser comunicados, xunto coa nova aportación que disto se derive para cada usuario, a todos eles.

DISPOSICIÓN FINAL

O presente Regulamento producirá efecto a partir da data da súa publicación íntegra no BOP e manterá a súa vixencia ata que se aprobe a súa modificación ou derogación.

ANEXO I. BAREMO VALORACIÓN DE CASOS

1 - CAPACIDADE DE AUTOVALEMENTO

1.1 - CAPACIDADE MOTORA:

	A-. Levantarse	B-. Deambular:	C-. Saír da casa:
Grupo 0	Levántase só.	Camiña só.	Sae só.
Grupo 1	Levántase só (con dificultade).	Camiña só con dificultade.	Sae con dificultade.
Grupo 2	Levántase con axuda.	Camiña con axuda de caxato ou similar.	Sae con axuda.
Grupo 3	Non se levanta	Inmobilidade en cadeira de rodas ou encamado	Non sae (non sobe nin baixa escaleiras) .

1.2 - SENTIDOS :

	A-. Visión	B-. Audición	C-. Linguaxe
Grupo 0	Boa.	Boa.	Normal.
Grupo 1	Déficit visual.	Déficit auditivo.	Difícil de comprender.
Grupo 2	Grave déficit visual.	Grave déficit auditivo.	Incomprensible.
Grupo 3	Cegueira.	Xordeira.	Ausente.

1.3 - CAPACIDADE PSÍQUICA:

A-. Orientación temporo-espacial:

Grupo 0: Boa.

Grupo 1: Desorientación ocasional (leve), pérdese e confúndese ás veces.

Grupo 2: Desorientación frecuente.

Grupo 3: Desorientación total.

B-. Memoria:

Grupo 0: Normal.

Grupo 1: Retén actos recentes con dificultade. Coñece ben as persoas aínda que esquece algunha cousa.

Grupo 2: Retén soamente feitos antigos. Comprende as persoas.

Grupo 3: Non retén ningún feito. Demencia total con descoñecemento das persoas.

C-. Comunicación:

Grupo 0: Normal.

Grupo 1: A conversa é posible pero non perfecta.

Grupo 2: Imposible manter unha conversa lóxica.

Grupo 3: Claras alteracións mentais cualificadas xa de demencia.

D-. Conducta:

Grupo 0: Normal.

Grupo 1: Trastornos de carácter, sobre todo se se dis gusta.

Grupo 2: Evidentes trastornos do humor.

Grupo 3: Descontrol total dos seus actos.

E-. Capacidade de xestión:

Grupo 0. Realiza as xestións só.

Grupo 1: Realiza as xestións só con dificultade.

Grupo 2: Realiza as xestións con axuda.

Grupo 3: Non pode realiza-las xestións.

F-. Sociabilidade:

Grupo 0: Mantén relacións.

Grupo 1: Mantén poucas relacións.

Grupo 2: Mantén relacións con dificultade.

Grupo 3: Non se relaciona.

1.4 - COIDADOS PERSOAIS:

	A-. Aseo diario:	B-. Bañarse:	C-. Vestirse:	D-. Control de esfínteres:
Grupo 0	Só.	Só.	Só.	Continencia total.
Grupo 1	Só con dificultade.	Con axuda.	Só con dificultade.	Incontinencia esporádica.
Grupo 2	Con axuda.	Con axuda total.	Con axuda.	Incontinencia ocasional.
Grupo 3	Aseo xeral encamado.	Imposibilidade total.	Incapaz.	Incontinencia total ou permanente.

1.5 - TAREFAS DOMÉSTICAS:

	A-. Limpeza do domicilio:	B-. Preparación comida:	C-. Compra:	D-. Lavado e coidado da roupa (con lavadora):
Grupo 0	Só.	Só.	Só.	Só.
Grupo 1	Só con dificultade.	Só con limitacións.	Con axuda ocasional.	Só con dificultade.
Grupo 2	Con axuda (mantemento).	Non pode preparala.	Con axuda permanente.	Con axuda (orde, tender, pasa-lo ferro).

Grupo 3	Non pode (diario)	Non pode nin quentala.	Non pode face-las compras.	Non pode.
---------	-------------------	------------------------	----------------------------	-----------

2 - FACTOR SAÚDE

Grupo 0	- Persoas con boa saúde.
Grupo 1	- Persoas con dificultades temporais de convalecencia.
Grupo 2	- Persoas afectadas por enfermidade restrictiva da mobilidade (artrose, hemiplexia etc.). - Persoas afectadas por enfermidades restrictivas da saúde mental (falla de rego, depresión).
Grupo 3	- Persoas afectadas por enfermidade restrictiva da capacidade de autocoidado.

3 - FACTOR VIVENDA

	1- Condicións de habitabilidade	2- Condicións de equipamento	3- Réxime de tenencia
Grupo 0	- Vivenda con certa calidade.	- Equipamento de certa calidade.	- Vivenda propia.
Grupo 1	- Vivenda cun nivel en conxunto normal ou modesto.	- Equipamento con conxunto normal ou modesto.	- Vivenda alugada.
Grupo 2	- Vivenda con instalación eléctrica ou de auga deterioradas. - Vivenda con papel ou pintura deteriorados ou inexistentes. - Vivenda con barreiras arquitectónicas que dificulten o usuario.	- Electrodomésticos ou mobiliario en mal estado. - Carece de sistema de calefacción.	- Caseiros ou similar.
Grupo 3	- Vivenda en mal estado estrutural (paredes e teitos agretados, humidade, falta de ventilación e luz natural, falla de portas e fiestras). - Vivenda con paredes, teitos, fiestras e portas deteriorados.	- Falla de mobiliario. - Carencia de electrodomésticos básicos (frigorífico, lavadora, cociña,etc). - Falla de baño, auga quente, luz eléctrica, etc.	- Vivenda cedida en precario.

4 - FACTOR SITUACIÓN FAMILIAR

Grupo 0	-Ten familiares que viven con el e poden atencelo.
Grupo 1	-Ten familiares ou achegados, mantén relación con eles pero non viven próximos. - Non ten familiares con suficiente disponibilidad de tempo para a súa atención
Grupo 2	- Os familiares adican todo ou moito tempo á atención pero necesitan apoio.

	<ul style="list-style-type: none"> - Non ten familiares con capacidade persoal para o seu coidado - A unidade familiar carece de capacidade para autoorganizarse. - Os pais ou titores están incapacitados dalgún xeito, están ausentes ou carecen de compatibilidade horaria para a atención da familia
Grupo 3	- Vive só e non ten familiares nin achegados que o atendan.

5 - FACTOR ORGANIZACIÓN DA UNIDADE CONVIVENCIAL

	1- Alimentación	2- Hixiene familiar e do fogar	3- Administración económica
Grupo 0	- Adecuada.	- Bo aspecto xeral.	- Correcta distribución do presuposto.
Grupo 1	- Normal aínda que sen variedade.	- Aspecto xeral descoidado.	- Distribución incorrecta do presuposto pero non grave.
Grupo 2	<ul style="list-style-type: none"> - Desorganización en horarios e comidas. - Inadeuada para a idade, enfermidade, etc. 	- Certa falta de hixiene persoal e/ou do fogar.	- Non se cobren as necesidades básicas correctamente porque se gasta noutros bens ou produtos.
Grupo 3	Escasa ou pobre.	<ul style="list-style-type: none"> - Sucidade tanto na roupa como no corpo. - Sucidade e desorde na vivenda. 	- Gástase inadecuadamente o presuposto non chegando a final de mes e contraendo débedas.

6 - FACTOR RELACIÓNS SOCIAIS

Grupo 0	<ul style="list-style-type: none"> - Nivel adecuado de relacións sociais. - Con capacidade para iniciar e manter contactos interpersoais.
Grupo 1	<ul style="list-style-type: none"> - Nivel medio baixo de relacións sociais. - Leve dificultade para iniciar e manter contactos interpersoais.
Grupo 2	<ul style="list-style-type: none"> - Nivel baixo de relacións sociais. - Con serias dificultades para relacionarse. - Recibe axuda e visitas esporádicas de amigos e veciños pero isto non é suficiente. - Vive só e ten posibilidades doutra convivencia pero prefire continuar no seu domicilio.
Grupo 3	<ul style="list-style-type: none"> - Nivel moi baixo de relacións sociais. - Illamento social por motivo xeográfico, etc. - Soidade por características persoais especiais, etc. - Situación na que a persoa sofre un certo rexeitamento por mor de marxinación, etc

7 - FACTOR ACCESIBILIDADE A SERVICIOS E EQUIPAMENTOS BÁSICOS
(CENTRO MÉDICO,FARMACIA,TENDAS ALIMENTACIÓN,COMERCIOS ESPECIALIZADOS, CORREOS, ETC)

Grupo 0	Cercanía e doado acceso ós servicios e equipamentos básicos.
Grupo 1	Pouca distancia e accesos aceptables.
Grupo 2	Distancia media e accesos con certas deficiencias.
Grupo 3	Moita distancia e vías de acceso en condicións deficientes.

8 - FACTOR ECONÓMICO

Grupo 0	Renda base maior 150% S.M.I
Grupo 1	Renda base maior 130% S.M.I - menor 150% SMI
Grupo 2	Renda base maior 110% S.M.I - menor 130% SMI
Grupo 3	Renda base menor 110% SMI

A POBRA DO BROLLÓN, 31 DE DECEMBRO DE 2000

O ALCALDE

O SECRETARIO,

ORDENANZA NON FISCAL Nº 2.

ORDENANZA NON FISCAL REGULADORA DA CONCESIÓN DE LICENCIAS PARA A EXECUCIÓN DE OBRAS MENORES.

1. Terán a consideración de obra menor:

1.1.- Todas aquelas intervencións en edificios existentes que non supoñan alteración do volume, do uso, das instalacións e servizos de uso común ou do número de vivendas e locais, nin afecten ó deseño exterior, á cimentación, á estrutura ou ás condicións de habitabilidade ou seguridade dos edificios ou instalacións de todas clases.

1.2.- As construcións de nova planta cando se dediquen ós usos relacionados coas explotacións agropecuarias ou forestais ou estean vinculadas á execución, mantemento e servizo das obras públicas, non teñan de forma eventual ou permanente carácter residencial nin público e se desenvolvan nunha sola planta ata unha superficie máxima de 50 m².

1.3.- En ningún caso se entenderan como obras menores os parcelamentos urbanísticos, os cerramentos de muro de fábrica de calquera clase, as intervencións en edificios declarados bens de interese cultural ou catalogados e os grandes movementos de terras.

2. De acordo co art. 14.2 do Regulamento de Disciplina Urbanística exceptúase de presentación de Proxecto Técnico a execución de obras ou instalacións menores.
3. Os efectos do imposto sobre obras e instalacións se establecen as seguintes normas de valoración:

Tipo de obra	importe
Obras de peche de parcela	12'02 €/m.l.
Construcción de alpendres e almacéns	75'13 €/m²
Acondicionamento de locais e mantemento	segundo orzamento de execución

4. As solicitudes de licencia de obras menores xuntarán como mínimo a seguinte documentación:

4.1. Situación e emprazamento das obras sobre plano de situación a escala 1:10.000 ou 1:5000 segundo se trate de terreos rústicos ou urbanos.

4.2. Descrición detallada das obras a realizar con expresión da superficie afectada e, no seu caso, contía na que se orzan as obras mediante a achega de Orzamento(s) das mesmas asinado(s) polo(s) contratista(s) no que se detallen as distintas unidades de obra a realizar así como o nome ou razón social, enderezo e N.I.F. do(s) contratista(s).

A POBRA DO BROLLÓN A 31 DE DECEMBRO DE 2000

O ALCALDE,

O SECRETARIO,



ORDENANZA NON FISCAL Nº 3.

ORDENANZA NON FISCAL REGULADORA DO SERVICIO DE AUTOTURISMOS NO CONCELLO DE A POBRA DO BROLLÓN.

Capítulo I. DISPOSICIÓNS XERAIS.

Artigo 01

- 1.- A presente Ordenanza ten por obxecto a regulación do servizo de transporte de viaxeiros en automóviles lixeiros de aluguer con conductor, denominados autoturismos, dentro do término municipal de A Pobra do Brollón.
- 2.- Consideraranse autoturismos os vehículos que prestan servizos dentro ou fora dos núcleos urbanos, sen contador taxímetro.
- 3.- No non previsto na presente ordenanza ou nas súas disposicións complementarias, serán de aplicación directa as normas do Regulamento Nacional dos Servizos Urbanos de Transportes en Automóviles Lixeiros, aprobado por Real Decreto 763/1979, do 16 de marzo, e as súas modificacións aprobadas por Real Decreto 1080/89, do 1 de setembro, Real Decreto 236/1983, do 9 de febreiro, Orde do 4 de febreiro de 1.993, ou as que en cada momento estean en vigor.

Artigo 02

O Concello intervirá no servizo de autoturismos a través dos seguintes medios:

- 1.- - Sometemento a licenza municipal previa.
- 2.- - Fiscalización da prestación do servizo.
- 3.- - Disposicións complementarias para a prestación do servizo.
- 4.- - Ordes constitutivas de mandato para a execución dun acto ou a prohibición do mesmo.
- 5.- - Ordenanza fiscal reguladora das taxas.
- 6.- Establecemento, no seu caso, da tarifa do servizo de acordo coa normativa en vigor.

Artigo 03

- 1.- As disposicións complementarias que poderá dicta-lo concello referiranse entre outras, as seguintes materias:
 - a) Publicidade.
 - b) Quendas de vacacións e descansos.
 - c) Quendas diarios de permanencia no servizo.
 - d) Identificación e características dos Autoturismos.
 - e) Determinación de paradas fixas e número de vehículos adscritos ás mesmas.
 - f) Servizos por chamadas telefónicas nas paradas fixas.
 - g) Control rexistral de vehículos, titulares e conductores.

- 2.- As citadas disposicións, e en especial as das letras b) e c) adoptaranse, de ser posible a proposta conxunta dos titulares de licencia afectados e oída-las Asociacións que os representen e, no seu caso, as de Consumidores e Usuarios.

Artigo 04

As ordes individuais constitutivas de mandato poderán referirse, entre outros extremos a:

- 1.- Adscrición de vehículos as mesmas.
- 2.- Ordenación de servizos especiais e extraordinarios e designación dos vehículos que deban prestalos.
- 3.- Cumprimento dos preceptos da presente ordenanza e das disposicións complementarias dictadas para a súa aplicación.

Artigo 05

As competencias municipais corresponden ós seguintes órganos:

- 1.- Ó Concello Pleno:
 - a) Acorda-la ampliación ou redución do número de licencias existentes.
 - b) Sinala-los requisitos xerais e especiais que teñan que reunir, en cada caso, os aspirantes ás licencias polo procedemento de concurso, figurando entre eles, como mérito preferente, a de haber exercido como taxista no Concello de A Pobra do Brollón en algún dos cinco anos anteriores a convocatoria do concurso, sempre que non fose separado do servizos mediante expediente sancionador.
 - c) A aprobación das Disposicións Complementarias da prestación do servizo.
- 2.- Á Comisión de Goberno:
 - a) A concesión das licencias que queden vacantes ou se amplíen.
 - b) A retirada das licencias nos casos previstos na Ordenanza.
 - c) autoriza-la transmisión das licencias no supostos que procedan, de acordo coa presente Ordenanza.
 - d) A concesión das autorizacións para adscribi-los vehículos ás licencias e para a súa substitución.
 - e) A imposición das sancións previstas na Ordenanza.
 - f) Dicta-las ordes individuais constitutivas de mandato.
 - g) A concesión ou retirada dos permisos para conduci-los vehículos de servizo público, e a súa renovación.

Capítulo II. PARADAS.

Artigo 06

- 1.- Créase una parada xeral na vila da Pobra do Brollón á que concorrerán os sete titulares actuais de licencia, ou a quen regulamentariamente lla transfiran, que no momento da aprobación desta Ordenanza teñan presentada no Concello a acreditación de estar ó día nos requisitos esixidos para a prestación do servizo tal e como lle foi requirido polo Concello

- 2.- Os demais titulares de licencia de autoturismo do Concello, se non se encontran en suposto de caducidade ou revocación da licencia, prestarán o seu servizo nas paradas que lles foron asignados na concesión da licencia correspondente.
- 3.- Ós efectos desta Ordenanza considérase parada oficial para cada vehículo no caso das sete ás que se refire o punto 1 anterior, a que se establece no mesmo, e para os demais, a residencia habitual do titular.

Capítulo III. LICENCIAS.

Artigo 07

A concesión de licencias para exercer los servicios de transporte de viaxeiros, para adscribir vehículos ás mesmas e para conducirlos, así como o procedemento de transmisión, duración, caducidade e revocación de licencias é competencia do Concello, que a exercerá no forma prevista na Ordenanza e nas disposicións legais aplicables que regulen esta materia.

Artigo 08

- 1.- O titular de licencia de autoturismos que teña dereito a transmitir intervivos a súa licencia, no caso de que desexe facelo deberá comunicar por escrito ó Concello a súa intención, fixando o prezo da mesma.
- 2.- As transmisións de licencias que se realicen contravindo o disposto na lexislación reguladora de aplicación, serán causa de revocación da licencia pola Corporación, previa tramitación do correspondente expediente, que poderá incoarse de oficio, a instancia das Centrais Sindicais e Asociacións Profesionais da Localidade ou de calquera outro interesado.

Artigo 09

O titular da licencia ten que ser propietario do vehículo que se propoña para prestarlo servizo, que deberá figurar como tal no Rexistro da Xefatura Provincial de tráfico. Os propietarios dos vehículos deberán concertar obrigatoriamente, a correspondente póliza de seguros, que cubrirá os danos a viaxeiros ou a terceiros con responsabilidade civil ilimitada.

Artigo 10

Os titulares das licencias poderán substituí-lo vehículo adscrito ás mesmas por outro máis moderno ou de superiores condicións, sempre que non supoña perda na calidade servizo, reúna as esixencias desta ordenanza e se obteña unha autorización do Concello de A Pobra do Brollón, previo pagamento dos dereitos e taxas correspondentes, seguíndose os mesmos trámites sinalados para o caso de posta en servizo do vehículo polo titular dunha nova licencia.

Artigo 11

As transmisións dos vehículos destinados ó servizo de autoturismo, con independencia da licencia municipal a que están afectos levan implícito a anulación desta, salvo que, previamente, ó transmitinte aplique a aquela outro vehículo da súa propiedade, contando para todo isto coa previa autorización a que se refire esta Ordenanza.

Artigo 12

Os automóviles que vaian a prestar esta clase de servizos, no momento de ser revisados para autoriza-la súa posta en servizo, deberán cumprir como mínimo, os seguintes requisitos:

- 1.- Catro portas.
- 2.- Debe estar separado o maiteiro do habitáculo.
- 3.- Capacidade mínima para cinco persoas.
- 4.- Nas portas dianteiras levarán o anagrama que regulamentariamente se determine.
- 5.- O número da licenza figurará en ámbalas portas dianteiras, na parte posterior do vehículo e na parte frontal dianteira do interior do vehículo.

Capítulo IV. PRESTACIÓN DO SERVICIO.

Artigo 13

- 1.- Cando os vehículos autoturismos, estando de servizo, non estean ocupados por pasaxeiros deberán estar situados nas paradas sinaladas ó efecto nesta Ordenanza.
- 2.-
 - a) os vehículos autoturismos estacionaranse nas paradas oficiais, por orde sucesivo de primeiro a último, a medida que vaian chegando as mesmas.
 - b) As saídas haberán de facerse de acordo co orde de colocación, comezando polo vehículo situado no primeiro lugar, e así sucesivamente.
- 3.- Cando os condutores de autoturismos en situación de libre, estean circulando e sexan requiridos por varias persoas ó mesmo tempo para a prestación dun servizo, ateranse ás seguintes normas de preferencia:
 - a) Persoas que se atopan na beirarrúa correspondente ó sentido de circulación do vehículo.
 - b) Doentes, impedidos e anciáns.
 - c) Persoas acompañadas de nenos e mulleres embarazadas.
 - d) Persoas de maior idade.
- 4.- Nas paradas, a preferencia virá determinada pola orde de chegada dos usuarios.

Artigo 14

Os vehículos autoturismos, cando non estean ocupados, xa sexa nas paradas ou en circulación, indicarán a súa situación de “libre”, facendo visible a través do parabrisas dita palabra.

Artigo 15

Os obxectos abandonados ou perdidos que atopase o condutor no interior do seu vehículo ou nas súas inmediacións cando baixe ou suba algún cliente, os entregará o mesmo día, ou o máis tardar o seguinte hábil, nas dependencias municipais de atención ó público en horas de oficina.

Artigo 16

- 1.- Os condutores ó presta-lo servizo:
 - a) Pecharán os cristais a indicación do usuario.
 - b) Axudarán a subir e a apearse do vehículo ós anciáns, doentes, inválidos e nenos.
 - c) Recollerán e colocarán adecuadamente as maletas, equipaxes, e outros vultos.

- d) Prenderán a luz interior pola noite, para facilita-la subida e baixada, e o pagamento do servicio.
 - e) Baixarán o volume do receptor de radio ou equipo de música, e mesmo os apagarán, a vontade do pasaxeiro.
 - f) Absteranse de fumar no interior do vehículo.
- 2.- Durante a prestación do servicio, en ningunha ocasión e por ningún concepto, os conductores proferirán ofensas ou establecerán discusións que alteren a orde, xa sexa entre eles, cos pasaxeiros, ou co público en xeral.
- 3.- Así mesmo, deberán respectar e admiti-lo uso do dereito de cooficialidade das linguas castelá e galega que fagan os usuarios, nas indicacións necesarias para o cumprimento do servicio.

Artigo 17

- 1.- A imposibilidade de prestar servicios por períodos superiores a un mes por causa de forza maior deberá ser comunicada a Corporación no prazo de tres días hábiles, contados a partir da falta de prestación do servicio.
- 2.- Os titulares de licencia que estean ó día nos requisitos para a prestación do servicio poderán solicitar a concesión dunha excedencia por período non superior a un ano, que poderá ser prorrogada por períodos iguais a solicitude do interesado.
- a) Soamente poderán estar simultaneamente en situación de excedencia dous dos titulares ós que se refire o artigo 6.1 desta ordenanza e dous dos restantes.
 - b) Se un novo titular de calquera dos grupos solicitase pasar á situación de excedencia, non se renovará a prorroga daquel do mesmo grupo que leve máis tempo en dita situación, comezando o solicitante a aproveita-la súa situación de excedencia no momento no que este último se reincorpore á prestación do servicio.

Artigo 18

- 1.- Os titulares de licencia de autoturismo poderán ter anualmente as vacacións que regulamentariamente se establezan.
- 2.- Para solicita-lo aproveitamento do período de vacacións deberá terse xustificado estar ó día en tódolos requisitos precisos para a prestación do servicio
- 3.- Soamente poderán estar simultaneamente de vacacións dous titulares daqueles ós que se refire o artigo 6.1 desta ordenanza e dous dos restantes.
- 4.- Os titulares de cada un de ámbolos dous colectivos poderán presentar anualmente un plan conxunto de vacacións, que deberá ser aprobado pola comisión de goberno.
- 5.- Se non hai un acordo conxunto en cada colectivo para dito plan de vacacións, os titulares que o desexen poderán solicitalas de xeito individual presentando un escrito dirixido ó Concello antes do día 10 de decembro do ano anterior indicando os períodos que prefere por orde de preferencia. A Comisión de Goberno establecerá o calendario de vacación para o exercicio seguinte de acordo coas solicitudes presentadas en dito prazo e con criterios de rotación na prioridade de escoller.

Artigo 19

O titular da licencia de autoturismo que queira presta-lo servicio mediante contratación de persoal asalariado, comunicarlle previamente ó Concello a contratación de cada conductor.

Artigo 20

- 1.- 1.-Para conducir vehículos automóbiles adscritos ó servicio público regulado nesta Ordenanza será necesario atoparse en posesión do carné municipal expedido polo Concello.
- 2.- O obxecto de obter dito documento, o interesado deberá acreditar:
 - a) Posuír permiso de conducción de automóbiles de clase B2 ou superior.
 - b) Coñece-las parroquias, vías públicas, lugares de interese turístico, oficinas públicas, hoteis e itinerarios máis directos para chegar ó punto de destino.
 - c) Coñece-la Lei de seguridade Vial, Regulamentos e demais normas relativas ó servicio, así como as tarifas aplicables.
 - d) Non padecer enfermidade infecto-contaxiosa ou impedimento físico que dificulte ou imposibilite o normal exercicio da profesión.
 - e) Reuni-los requisitos establecidos na Lei de Seguridade Vial, así como os que especialmente sinala, con tal carácter, a Xefatura de Tráfico.
- 3.- As circunstancias expresadas nos apartados b) e c) do parágrafo anterior acreditaranse mediante a proba de aptitude, que poderá esixi-lo concello cando ó estime oportuno.
- 4.- Coa solicitude e documentos que xustifiquen as circunstancias antes enumeradas, acompañaranse dúas fotografías tamaño carné.

Artigo 21

- 1.- Os carnés de conducción dos vehículos a que se refire o artigo anterior, serán revisados cas dez anos, podendo ser prorrogados expresamente por períodos de dez anos.
- 2.- Poderán ser suspendidos ou retirados temporalmente:
 - a) Nos casos de sanción previstos nesta Ordenanza.
 - b) Cando fora temporalmente suspendido ou retirado o permiso de conducción.

Artigo 22

Os condutores dos vehículos cando estean de servicio deberán coida-lo seu aspecto persoal e vestir con pulcritude, así como manter os vehículos limpos tanto interior como exteriormente.

Artigo 23

Os vehículos afectos ó servicio deberán estar provistos da documentación seguinte:

- a) Documentos relativos ó propio vehículo e ó seu conductor.
- b) Placa co número da licenza municipal, matrícula e a indicación do número de prazas.
- c) Lei sobre Tráfico, Circulación de vehículos a Motor e Seguridade Vial, e Código de Circulación actualizado.
- d) A presente Ordenanza, as súas disposicións complementarias e o Regulamento Nacional dos Servicios Urbanos e Interurbanos de Transporte en automóbiles lixeiros.
- e) As tarifas de prezos vixentes, visada polo Concello.
- f) Talonarios de recibos.
- g) Follas de reclamacións.

Capítulo V. INFRACCIÓNS, SANCIÓNS E PROCEDEMENTO SANCIONADOR.

Artigo 24

- 1.- Sen prexuízo das causas de caducidade e revocación das licencias, as infraccións que cometan os titulares de licencias e os seus condutores dependentes, clasificaranse en leves, graves e moi graves, consonte a tipificación recollida no Real Decreto 763/1979, do 16 de marzo ou disposición legal que a substitúa, e nesta ordenanza.
- 2.- Terán a consideración de faltas leves:
 - a) As recollidos no artigo 49 do R.D. 763/1979, do 16 de marzo.
 - b) Non levar no vehículo os documentos que se relacionan no artigo 22.
 - c) Non facilitar cambio de moeda ata 25 €.
 - d) Non coloca-lo impreso da tarifa vixente de prezos á vista dos usuarios.
 - e) Abandona-lo vehículo sen xustificación.
 - f) Non respecta-lo orde de preferencia a que se refire o artigo 13.
 - g) Non leva-las indicacións dos horarios de traballo que no seu caso se determine pola Corporación.
- 3.- Terán a consideración de faltas graves:
 - a) As recollidas no artigo 50 do R.D. 763/1979, do 16 de marzo.
 - b) Non respecta-la vez nas paradas.
 - c) Non admiti-los condutores a comprobación por parte do usuario do rexistro quilométrico por aplicación da tarifa.
 - d) Non presenta-lo vehículo a requirimento da autoridade municipal ou dos seus axentes.
- 4.- Terán a consideración de faltas moi graves:
 - a) As recollidas no artigo 53 do R.D. 763/1979, do 16 de marzo.
 - b) A manifesta desobediencia ás ordes da Alcaldía.
 - c) O fraude no contaquilómetros.
 - d) A negativa a estender recibo do importe da carreira.
 - e) O incumprimento, tanto por exceso como por defecto, das horas de traballo, descanso semanal e vacacións, e das normas de organización do servizo, e a negativa á prestacións de servizos extraordinarios, especiais ou de urxencias.
 - f) A negativa a prestar servizo en hora ou quenda de traballo, indicando situación de libre.
 - g) A percepción en exceso ou en defecto da tarifa establecida.
 - h) Os cambios nos distintivos fixados sobre o vehículo, que teña sinalado a Corporación.
- 5.- As sancións con que poden castigarse as faltas tipificadas consonte os parágrafos anteriores serán as recollidas no artigo 53 do mencionado Real Decreto 763/1979, ou disposición legal que o substitúa.

Artigo 25

- 1.- Calquera persoa (particular, Central Sindical, Agrupación Profesional ou Asociación de Consumidores e Usuarios), poderá formular denuncia por feitos que constitúen infracción dos preceptos contidos nesta Ordenanza.

2.- Están obrigados a formular denuncia os axentes da autoridade.

Artigo 26

O procedemento sancionador axustarase ó Real Decreto 1398/1993, do 4 de agosto.

Artigo 27

Os titulares de licencias e condutores poderán solicita-la cancelación da nota desfavorable que figure no rexistro municipal correspondente, sempre que houberan observado boa conducta e cumprindo a sanción, unha vez trasncorridos dende a imposición desta un ano, tratándose de falta leve, e dous anos se se trata de falta grave.

DISPOSICIÓN ADICIONAL.

As licencias ás que se refire o artigo 6.1 son as seguintes:

DISPOSICIÓN TRANSITORIA.

As licencias ás que se refire o artigo 6.1 son as seguintes:

Os condutores dos vehículos titulares de licencias en vigor a entrada desta ordenanza, terán un prazo de tres meses para acreditar as circunstancias que se recollen no artigo 20 desta ordenanza, co fin de expedirlles o carné municipal.

DISPOSICIÓN FINAL.

A presente Ordenanza entrará en vigor ós 20 días da súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia.

A Pobra do Brollón, 24 de Maio de 2001.

O ALCALDE,



ORDENANZA NON FISCAL Nº 4.

ORDENANZA NON FISCAL REGULADORA DE MEDIDAS PREVENTIVAS CONTRA INCENDIOS FORESTAIS.

CAPÍTULO I. Disposicións Xerais.

- Artigo 1.- A presente Ordenanza dictase en virtude das facultades concedidas polos artigos: 25 en relación co 84 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, en relación co preceptuado nos artigos 170 da Lei 1/1997, do 24 de marzo, do solo de Galicia, art. 24 do Decreto 28/1999, do 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de Disciplina urbanística de Galicia, e 1 e 10 do Real Decreto 2187/1978, do 23 de xuño polo que se aproba o Regulamento de Disciplina Urbanística, Decreto do 17 de xuño de 1955, polo que se aproba o Regulamento de Servicios das Corporacións Locais, art. 80 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.
- Artigo 2.- Esta Ordenanza ten natureza de Ordenanza de Policía Urbana e Rural e de Prevención de Incendios, non ligada a unhas directrices de planeamento concreto, por vir referida a aspectos de salubridade, de seguridade e puramente técnicos.
- Artigo 3.- Ós efectos desta ordenanza terán a consideración de núcleos urbanos os terreos que o planeamento urbanístico de aplicación clasifiquen como tales ou os que reúnan as condicións que sinala o artigo 64 da Lei 1/1997, do 24 de marzo, do Solo de Galicia
- Artigo 4.- Ós efectos desta ordenanza, terán a consideración de núcleos rurais os terreos que o planeamento urbanístico de aplicación inclúa no ámbito dos núcleos rurais delimitados ou que reúnan as condicións que sinala o artigo 75 da Lei 1/1997, do 24 de marzo, do Solo de Galicia.
- Artigo 5.- Ós efectos desta ordenanza, terán a condición de Solo Rústico o resto dos terreos non incluídos como solo de núcleo urbano ou de núcleo rural nos artigos 3 e 4 da presente ordenanza.

CAPÍTULO II. Das medidas de prevención contra incendios forestais.

- Artigo 6.- Nos núcleos urbanos e rurais quedan prohibido a plantación de coníferas, eucaliptos e chopos agás a plantación de arbores illados con fins ornamentais.
- Artigo 7.- Establécese unha franxa de protección contra incendios forestais de setenta metros contados a partir da liña delimitadora do núcleo urbano ou rural, ou no seu caso das edificacións exteriores do mesmo, que deberá estar libre de árbores de risco como eucaliptos, chopos ou coníferas. Así mesmo establececese unha franxa de seguridade de cento corenta metros medidos do mesmo xeito e que deberá estar libre de maleza ou de calquera outro material que facilite a propagación do lume.

- Artigo 8.- As plantacións de coníferas, eucaliptos ou chopos que se leven a cabo, unha vez en vigor a presente Ordenanza no solo rústico, deberán garda-la distancia mínima de protección de setenta metros á liña delimitadora dos núcleos, tanto rurais como urbanos así como a calquera edificación existente enclavada no solo rústico que teña, de forma eventual ou permanente, carácter residencial ou público.
- Artigo 9.- As plantacións de coníferas, chopos ou eucaliptos que se leven a cabo, unha vez en vigor a presente Ordenanza no solo rústico, deberán gardar unha distancia mínima de protección de cinco metros nos dous primeiros casos e seis nos eucaliptos ó limite de propiedade ou camiño salvo acordo expreso, por calquera dos métodos admitidos en Dereito, entre os propietarios dos predios lindantes afectados. As árbores doutras especies non especificadas deberán plantarse a unha distancia mínima de cinco metros ós camiños ou lindes calquera que sexa o tipo de solo no que se sitúen.
- Artigo 10.- Os propietarios ou administradores de plantacións de coníferas, eucaliptos ou chopos existentes á entrada en vigor desta Ordenanza, ou as que se fagan no futuro, deberán realizar labores de limpeza de maleza e de calquera material que facilite a propagación do lume dentro dunha liña de seguridade contra incendios forestais de cento corenta metros contados a partir da liña de delimitación dos núcleos urbanos ou rurais así como de calquera edificación existente enclavada no solo rústico que teña, de forma eventual ou permanente, carácter residencial ou público.

CAPÍTULO III. Procedemento.

- Artigo 11.- O Alcalde ou o seu Delegado, de oficio ou a solicitude de persoa interesada, iniciará o procedemento poñéndoo en coñecemento do propietario ou propietarios das fincas, tanto urbanas, de núcleo rural ou rústicas, e, previo informe dos servizos técnicos e con audiencia ós interesados, dictará resolución sinalando as deficiencias, ordenando as medidas precisas para emendalas e fixando un prazo para a súa execución.
- Artigo 12.- Transcorrido o prazo concedido sen que os obrigados a facelo executasen as medidas precisas, o Alcalde ordenará a incoación do procedemento sancionador.
- Artigo 13.- Na resolución, ademais, requirirase ó obrigado ou o seu administrador para que proceda á execución da orde efectuada que, de non cumprila, levarase a cabo polo Concello a cargo do obrigado, o que se lle cobrará a través do procedemento de recadación en vía executiva.

CAPÍTULO IV. Infraccións e sancións.

- Artigo 14.- Constitúe infracción desta ordenanza as accións ou omisións que vulneren as precisións contidas nesta Ordenanza:
- 1.- Non respecta-las medidas preventivas de protección contra incendios forestais, incumprindo o deber de manter libre de maleza ou de calquera outro material que facilite a propagación do lume, dentro das distancias de seguridade sinaladas nesta Ordenanza.
 - 2.- Realizar novas plantacións de árbores coníferas, eucaliptos ou chopos dentro da franxa de protección fixada nesta Ordenanza.

3.- Incumprir as ordes da Alcaldía ou persoa en quen delegue dictadas para o cumprimento do previsto na presente ordenanza ou en materia de protección e prevención de incendios forestais.

Artigo 15.- As infraccións a esta ordenanza clasifícanse en moi graves, graves e leves, e serán sancionadas cunhas multas coercitivas que oscilaran entre os 100,00 e 3.000,00 Euros.

1.- Son infraccións moi graves as consistentes na nova plantación de eucaliptos, chopos ou coníferas nas zonas de protección ou a reposición con estes tipos de árbores nas plantacións existentes durante o período transitorio, e a reiteración de tres faltas graves pola mesma persoa no prazo de dous anos.

2.- Son infraccións graves as accións e omisións que constitúan incumprimento das medidas de prevención contra incendios forestais sinaladas nesta ordenanza, que supoñan un risco evidente contra a seguridade de persoas ou bens en caso de incendio, as faltas de cumprimento das ordes de execución de medidas indicadas polo Alcalde ou concelleiro en quen delegue así como a reiteración pola mesma persoa de tres faltas leves no termo de dous anos. Considerarase así mesmo falta grave manter as actuais plantacións de eucaliptos, chopos e coníferas transcorrido o prazo de 12 anos dende a entrada en vigor desta ordenanza.

3.- Consideraranse infraccións leves as infraccións a esta ordenanza que non teñan o carácter de moi graves ou graves así como o non manter limpas as zonas de seguridade establecidas.

Artigo 16.- O órgano competente para a resolución do procedemento sancionador é o Alcalde, conforme dispón o artigo 21,1,k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, sen prexuízo das facultades de delegación na Comisión de Goberno ou nun Concelleiro.

Artigo 17.- A potestade sancionadora exercerase mediante o procedemento establecido no Regulamento do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora, aprobado polo Real Decreto 1398/1993, do 4 de agosto.

Artigo 18.- En ningún caso poderá o Concello deixar de adoptar as medidas tendentes a restaurar a orde urbanística vulnerada así como a facer efectivas as medidas de prevención e protección contra incendios forestais, polo que poderá proceder, previo apercibimento, á execución forzosa, por medio da execución subsidiaria realizando os correspondentes actos, por si ou a traveso das persoas que determine, a costa do obrigado.

Artigo 19.- No incumprimento das ordes de execución por razóns de medidas preventivas contra incendios forestais, serán responsables as persoas que teñan o dominio útil do predio.

Artigo 20.- Para graduar as multas atenderase primordialmente á gravidade da materia, á entidade económica dos feitos constitutivos de infracción, á reiteración por parte da persoa responsable e ó grao de culpabilidade de cada uno dos infractores.

Artigo 21.- Sancións:

As infraccións de carácter moi grave sancionarase con multa de 1.500,01 a 3.000,00 Euros.

As infraccións de carácter grave sancionarase con multa de 500,01 a 1.500,00 Euros.

As infraccións de carácter leve sancionarase con multa de 100,00 a 500,00 Euros.

CAPÍTULO V. Recursos

Artigo 22.- Contra as resolucións da Alcaldía, nas que se plasmen as ordes de execución, que poña fin á vía administrativa, cabe interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do contencioso-Administrativo de Lugo.

DISPOSICIÓN ADICIONAL.

- Primeira. As distancias de seguridade e Prevención contra incendios forestais que se contemplan nesta ordenanza non serán de Aplicación ás Edificacións radicadas nos viveiros forestais.
- Segunda. As distancias das plantacións de árbores ás estradas ou camiños que non sexan de titularidade municipal rexeranse, respectando os mínimos establecidos na presente ordenanza, polo que estableza a lexislación de carácter xeral e o organismo titular da estrada ou camiño.
- Terceira. A plantación de árbores doutras especies distintas das recollidas nesta ordenanza rexerase pola lexislación de carácter xeral que lle sexa de aplicación.

DISPOSICIÓN TRANSITORIAS.

- Primeira.- En tanto en canto non se aprobe definitivamente a delimitación dos núcleos rurais e urbanos do municipio as distancias referidas os límites se tomaran dende a liña perimetral que una as edificacións extremas do Núcleo.
- Segunda.- As plantacións existentes no momento de entrada en vigor da presente ordenanza disporán de un prazo de doce anos para adaptarse a mesma. En calquera caso non se poderá efectuar a planta de novos elementos dentro da franxa de protección e estarase ó disposto no artigo 10 da presente ordenanza en canto ás labores de limpeza de maleza e de calquera material que facilite a propagación do lume dentro dunha liña de protección contra incendios forestais de cento corenta metros contados a partir da liña de delimitación dos núcleos urbanos ou rurais ou de calquera edificación existente enclavada no solo rústico que teña, de forma eventual ou permanente, carácter residencial ou público.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente Ordenanza que consta de 22 artigos, tres disposicións adicionais, dúas disposicións transitorias e unha disposición final, entrará en vigor unha vez aprobada definitivamente polo Concello e publicado o seu texto completo no Boletín Oficial da Provincia, transcorrido o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril.

A Pobra do Brollón, 29 de xaneiro de 2002

O ALCALDE,